



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98

Este documento é Copia Auténtica segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de Outubro. A veracidade deste documento pode comprobarse no seguinte enderezo: <https://www.conselloridafacenda.es/csv?csv=PLT8aea1e82324fd98>



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE
REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A
ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DA FUNDACIÓN
INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI) PARA O PERÍODO 2026-2035,
E A REDACCIÓN DO PLAN FUNCIONAL DO RECINTO FEIRAL DO
IFEVI**

Febreiro 2026



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



CADRO - RESUMO

1. OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADES A SATISFACER.

O obxecto do presente procedemento de licitación é a contratación do **servizo para a elaboración do Plan Estratéxico da Fundación Instituto Feiral de Vigo - IFEVI para o período 2026-2035, e a redacción do Plan Funcional do recinto feiral do IFEVI.**

As prestacións obxecto do presente contrato correspóndense co seguinte código da nomenclatura CPV da Comisión Europea Regulamento (CE) nº213/2008 da Comisión, do 28 de novembro de 2007, que modifica o Regulamento (CE) nº2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aplica o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV):

- 79411000 Servizos xerais de consultoría.
- 71240000-2 Servizos de arquitectura, enxeñería e planificación.
- 71356200 Servizos de asistencia técnica.
- 71242000 Elaboración de proxectos e deseños.

A prestación dos servizos que conforman o obxecto desta licitación realizarase con estrita suxeición ás condicións e nas disposicións recollidas neste prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), e no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPT) correspondente ao Plan Funcional e ao Plan Estratéxico.

O servizo obxecto de licitación persegue os seguintes obxectivos principais:

- **Plan Estratéxico do IFEVI para o período 2026-2035:**
 - Configurar unha folla de ruta que permita identificar oportunidades e promover novas actividades comerciais e de negocio no marco dos fins da Fundación.
 - Definir estratexias dirixidas á ampliación da oferta a sectores de interese, con liñas de actuación que permitan un mellor aproveitamento do espazo do recinto feiral e das súas instalacións.
 - A modernización da entidade e a incorporación de novas tecnoloxías.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



- Definir os medios persoais e técnicos axeitados para as necesidades que requira o funcionamento da Fundación no novo escenario, tendo en conta a condición do IFEVI como entidade do sector público autonómico.
- **Plan funcional do recinto feiral do IFEVI:**
- Aumento da superficie destinada ás actividades, con novos pavillóns que permitan atender as esixencias que requiren os organizadores de actividades no recinto feiral e as novas liñas de actuación que resultarán do Plan Estratéxico.
- Mellora de accesos ao recinto feiral para adaptarse ao crecemento das instalacións e ao incremento do número de visitantes. Mellora das conexións co transporte público.
- Dotación de novas prazas de aparcadoiro en condicións adecuadas. Organización de aparcadoiros.
- Mellorar o estado actual das infraestruturas que constitúen o recinto feiral, atendendo ás necesidades que esixe o adecuado desenvolvemento das actividades nas súas instalacións (mellora funcional e espazos flexibles e mellora de imaxe).

Esta licitación ten por obxecto a selección dun único contratista que preste o servizo obxecto de contrato.

2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase polo **procedemento aberto**, regulado nos artigos 156 a 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), con garantía dos principios de publicidade e concorrencia, mediante **tramitación ordinaria**, e adxudicación do contrato á oferta que reúna as condicións máis vantaxosas para os intereses do IFEVI, de acordo co establecido no PCAP e no PPTP.

3. DIVISIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO EN LOTES.

Non. De acordo co previsto no artigo 116.4 g) da LCSP, para efectos da xustificación do motivo da non división en lotes do obxecto do contrato, considérase precisa a prestación conxunta do obxecto do contrato, respondendo á natureza das prestacións que son obxecto de contratación e á vinculación existente entre ambas as materias.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



A elaboración dos dous plans (Plan Estratéxico e Plan Funcional) esixe unha análise interrelacionada das necesidades operativas e funcionais do recinto feiral (espazos e ampliación das instalacións, mellora dos accesos e dotación de aparcadoiros), e das áreas organizativas da Fundación (comercial, financeira, técnica e de recursos humanos) para o deseño da estratexia e planificación de desenvolvemento do IFEVI, que esixe unha visión global e conxunta de ambas as materias para proporcionar unha mesma liña de actuación na elaboración dos dous Plans.

Este marco contractual permite a elaboración dos dous Plans de forma harmonizada, cunha análise de sinerxías integrado nun mesmo contratista, que facilite a súa confección e fixación de prazos de execución nos que se compaxine a elaboración e presentación do Plan Estratéxico e do Plan Funcional.

Por iso, co obxecto de garantir unha correcta prestación do servizo, enténdese que concorre un motivo válido polo cal se xustifica adecuadamente a non división en lotes do seu obxecto (artigo 99.3.b da LCSP).

4. INSUFICIENCIA DE MEDIOS PROPIOS.

O IFEVI non conta cun departamento especializado en planificación funcional e/ou planificación estratéxica, nin coas ferramentas de tratamento de datos necesarias para a elaboración dos plans cos seus propios medios. Ademais, requírese o coñecemento e experiencia en distintos sectores para obter unha visión global que permita dar cumprimento aos obxectivos do contrato.

5. PRAZO DE DURACIÓN E PRÓRROGAS.

- **Prazo máximo total de duración do contrato** para a execución dos traballos de elaboración do Plan Estratéxico e do Plan Funcional: **6 meses contados desde a data de formalización do contrato.**

Este prazo poderase reducir polos licitadores na súa oferta nun máximo de 1,5 meses (45 días naturais) que permita asegurar a calidade técnica necesaria, sendo a redución obxecto de valoración da oferta de acordo cos criterios de adxudicación establecidos no apartado 10 deste Cadro-Resumo.

- **Prazos parciais:**

No prazo de 6 meses de duración do contrato, ou no prazo que resulte da oferta seleccionada, deberanse cumprir os seguintes prazos parciais:

- Prazo de entrega dos **documentos de avance de cada Plan** nos que se establezan as liñas de actuación e contido básico que será obxecto de



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98

desenvolvemento nos Plans Funcional e Estratéxico: **aos 3 meses ou á metade do prazo de duración que resulte da oferta seleccionada.**

- Prazo de entrega dos **documentos definitivos** correspondentes a cada un dos Plans Funcional e Estratéxico: **15 días antes da finalización do prazo de vixencia do contrato.**

- **Prórroga: o prazo non será susceptible de prórroga.**

6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO. PREZO DO CONTRATO.

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: o orzamento base de licitación, IVE incluído (21%): 96.800 euros (80.000 euros sen IVE).

Para todos os efectos entenderase que na oferta económica presentada están incluídos todos os gastos nos que incorra o contratista para o cumprimento das prestacións obxecto de contrato, como son os gastos xerais, ademais de seguros, transportes e desprazamentos, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación, materiais necesarios, etc.

Así mesmo, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden todos os tributos e taxas que lle sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes. O imposto sobre o valor engadido deberá figurar na oferta económica como partida independente.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: O valor estimado do contrato, segundo o establecido no artigo 101 da LCSP, é de **80.000 euros, sen IVE.**

PREZO: O prezo máximo ofertado polos licitadores non poderá exceder do orzamento base de licitación. O pagamento do prezo polos servizos contratados realizarase en **dúas fases**, atendendo ao cumprimento dos prazos parciais establecidos no contrato, de acordo co establecido na cláusula 3 do PCAP.

7. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Non se prevé nesta contratación ningunha modificación do contrato.

8. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.

Non se esixe clasificación (artigo 77.1 b) LCSP).



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



9. SOLVENCIA.

9.1 Solvencia económico-financiera.

Acreditarase co volume anual de negocios no ámbito de actividades correspondente co obxecto do contrato, **referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos**, en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou **superior a unha vez e media o valor estimado do contrato (120.000 euros sen IVE)**.

O volume anual de negocios acreditarase polos licitadores, por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no dito Rexistro, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito.

A inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas acreditará, a teor do que estableza, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios, se así fosen requiridos, mediante os seus libros de inventarios e contas anuais debidamente legalizados.

9.2 Solvencia técnica ou profesional

Acreditación da solvencia técnica ou profesional que se realizará a través da presentación dos seguintes medios:

- a) Relación dos principais servizos ou traballos de igual ou similar natureza ao que é obxecto de licitación, **realizados nos últimos tres anos**, que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, deles. Para tal efecto, atenderase aos tres primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV. O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa **igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, isto é, 56.000 euros sen IVE**.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



Só se terán en conta a efectos de acreditar a solvencia os servizos relacionados co obxecto desta contratación que se relacionen e respecto dos que se acheguen as correspondentes certificacións ou declaración do empresario. Aos efectos da valoración da súa relación ou non co correspondente a esta contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos servizos referidos.

A presentación da citada documentación referida á solvencia do empresario realizarase cando sexa requirida pola mesa ou o órgano de contratación, de acordo co establecido na cláusula 14.

- b) **Declaración responsable do licitador que acredite a dispoñibilidade do equipo multidisciplinario mínimo necesario para a execución do contrato,** que deberá estar formado, polo menos, polos seguintes profesionais:
- 1 Arquitecto ou 1 Enxeñeiro con experiencia mínima acreditada de 10 anos na elaboración de plans funcionais, que será o **responsable do equipo redactor do Plan Funcional e do Plan Estratégico.**
 - 1 Arquitecto (se o director do equipo é Enxeñeiro) ou 1 Enxeñeiro (se o director do equipo é Arquitecto) con experiencia mínima acreditada de 10 anos na elaboración de Plans Funcionais.
 - 1 Economista ou 1 Enxeñeiro con experiencia mínima acreditada de 10 anos en actividades de consultoría referidas á elaboración de Plans Estratégicos.

Para a acreditación da experiencia do equipo mínimo, presentaranse os seguintes documentos acreditativos: **currículum vitae** de cada membro do equipo, e **descripción na declaración responsable do licitador** que indique de forma separada as actividades nas que participara cada profesional integrante do equipo mínimo, que acrediten a experiencia en traballos similares durante, polo menos, os últimos 10 anos.

A presentación desta declaración responsable, curriculum vitae, e a documentación referida á solvencia do empresario realizarase cando sexa requirida pola mesa ou o órgano de contratación, de acordo co establecido na cláusula 14.

O órgano de contratación poderá requirir a documentación adicional que considere oportunas durante o procedemento de licitación para verificar o contido da declaración responsable.

Cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, de acordo co artigo 90.4 LCSP, a súa solvencia técnica acreditarase polos medios a que se refire a letra b) anterior, sen



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



que sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de servizos.

10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Á hora de determinar os criterios de valoración tense en conta o establecido no artigo 145.4 da LCSP, "*Nos contratos de servizos do anexo IV, así como nos contratos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, os criterios relacionados coa calidade deberán representar, polo menos, o 51 por cento da puntuación asignable na valoración das ofertas,*" sen prexuízo do disposto no punto 2.a) do artigo 146."

- **Criterios valorativos mediante xuízos de valor (Proposta técnica):**
Ponderaranse cun máximo de 45 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- **Programa de traballo proposto e cronograma:** valorarase cun máximo de 15 puntos o contido, grao de detalle e xustificación do programa de traballo proposto polo licitador, valorando, especialmente a coherencia cos obxectivos propostos e a garantía do cumprimento e aseguramento da calidade necesaria.

Avaliarase a documentación explicativa do programa de traballo, así como o cronograma que se inclúa, valorando as previsións que conteñan en función das actuacións que se van desenvolver respecto a cada un dos Plans, respectando o prazo máximo de execución establecido.

O programa de traballo e cronograma non poden facer referencia á concreta redución dos prazos de execución e entrega, xa que a redución dos prazos é un criterio automático que non se inclúe coa proposta técnica, e a súa indicación implicaría a exclusión da licitación.

- **Metodoloxía que se vai empregar e detalle da proposta de traballo:** valorarase cun máximo de 25 puntos, considerando o enfoque, a coherencia e o alcance dos traballos que se van executar, conforme as prescricións técnicas.

Terase en conta o grao de especificación do servizo ofertado, así como o detalle da proposición e das actividades que se van desenvolver, así como a proposta dun calendario mínimo de reunións do equipo redactor co órgano de contratación e cos axentes económicos e sociais que se consideren relevantes polas partes para a consecución dos obxectivos propostos.

Valoraranse, así mesmo, os procedementos internos establecidos para os efectos de garantir o seguimento, a coordinación e o control de calidade dos traballos obxecto do contrato.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



- **Estrutura organizativa e comunicación:** valorarase cun máximo de **5 puntos** a estrutura organizativa para a prestación do servizo e comunicación.

Incluiranse perfís dos postos coas súas funcións e responsabilidades, sen especificar o número total de membros que integra o equipo de traballo, nin as especializacións dos membros, nin a experiencia, nin ningún outro dato relativo aos criterios de valoración automática mediante fórmulas. O equipo de traballo é un criterio automático, e a súa indicación implicaría a exclusión da licitación.

Terase en conta a descrición da gobernanza do proxecto que asegure a coordinación das actividades, comunicación e a entrega dos traballos en prazo e con calidade.

- **Criterios automáticos avaliados mediante fórmulas:** Ponderaranse cun máximo de **55 puntos**, de acordo cos seguintes criterios:

- **Proposta económica:** valorarase cun máximo de **40 puntos** (de conformidade co artigo 33 bis da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a ponderación do prezo non pode ser inferior ao 40%).

Outorgaráselle a máxima puntuación á oferta máis económica, valorando as demais proporcionalmente con aquela e de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación asignada} = 40 \times (\text{oferta máis económica IVE incluído} / \text{oferta presentada IVE incluído}).$$

Para os efectos do disposto no artigo 149 da LCSP, consideraranse ofertas anormalmente baixas as que se atopen nos supostos previstos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se proba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en función das ofertas válidas presentadas, de conformidade co apartado 11 deste Cadro-Resumo.

- **Mellora cualitativa no prazo de entrega dos Plans Estratégico e Funcional.** Valorarase cun máximo de **5 puntos** a redución do prazo de entrega total dos plans por cada día que se propoña respecto do prazo previsto no Prego.

A tal efecto, cada licitador indicará na súa oferta o número de días naturais de redución que, de ser o caso, propoña sobre o prazo máximo de 6 meses base para a entrega do documento do Plan Estratégico e o documento do Plan Funcional.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



A oferta deberá detallar o novo calendario de prazos parciais asociado aos fitos de entrega dos documentos de avance e definitivos no punto 5 deste Cadro-Resumo.

O prazo máximo de redución é de 1,5 meses (45 días naturais).

A puntuación asignarase de maneira proporcional á redución ofertada, por medio da seguinte fórmula:

Puntuación asignada = 5 x (redución en días máxima ofertada/ redución en días máxima admisible).

Non se admitirán ofertas que comporten un prazo resultante inferior ao prazo mínimo esixible (4,5 meses) para garantir a calidade dos traballos.

Esta redución entenderase referida ao prazo total de execución fixado no PCAP, integrándose no contrato como obriga esencial de execución en caso de adjudicación. O incumprimento do prazo resultante poderá dar lugar á imposición de penalidades, a resolución do contrato nos termos previstos no PCAP, e a cantas consecuencias sexan aplicables conforme a normativa de contratación do sector público.

- **Equipo de traballo:** valorarase cun máximo de **10 puntos** a asignación de persoal e dedicación de medios humanos á execución do servizo obxecto do contrato que supoña **unha mellora respecto do equipo mínimo multidisciplinario esixido como requisito de solvencia.**

Valoraranse sobre o mínimo solicitado no punto de solvencia técnica, os seguintes aspectos:

- o **Ata 2 puntos:** o incremento do número de compoñentes do equipo (**1 punto por cada membro especializado adicional**).
- o **Ata 2 puntos:** a experiencia superior en anos á mínima requirida dos membros do equipo (**1 punto por cada 2 anos adicionais de cada un dos membros do equipo mínimo**).
- o **Ata 6 puntos:** a intervención en actuacións similares en recintos feirais como o IFEVI (**2 puntos por cada experiencia acreditada nesta materia**).

A acreditación dos anteriores aspectos realizarase mediante **declaración responsable do licitador incluída no sobre C**, en que se concreten con



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



claridade cada un dos puntos esixidos, acompañada do currículo vitae de cada membro adicional do equipo.

O órgano de contratación poderá requirir a presentación de documentación adicional acreditativa.

• **Criterio de desempate.**

Para o caso de que, unha vez aplicados os criterios de adjudicación, se produza un empate entre dúas ou máis ofertas, o desempate resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal de cada unha das entidades licitadoras, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en cadro de persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no cadro de persoal.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de cada unha das entidades licitadoras.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de cada unha das entidades licitadoras.
- d) O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

Para verificar os criterios de desempate, a mesa de contratación poderá requirir aos licitadores para que presenten a documentación necesaria para o efecto.

11. OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS.

Consideraranse anormalmente baixas as ofertas económicas que se encontren nos supostos previstos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se proba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en función das ofertas válidas presentadas.

Cando a mesa de contratación, ou no seu defecto o órgano de contratación identificase unha ou varias ofertas que incorren en presunción de anormalidade, deberá requirir ao licitador ou licitadores que as presentasen outorgando prazo para que xustifiquen e desagreguen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro con base no cal se definise a anormalidade



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

En todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque non cumpren as obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 da LCSP.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Cando unha empresa que incorrese en presunción de anormalidade resultase adxudicataria do contrato, o órgano de contratación establecerá mecanismos adecuados para realizar un seguimento pormenorizado da execución deste, co obxectivo de garantir a correcta execución do contrato sen que se produza unha mingua na calidade dos servizos, as obras ou as subministracións contratadas.

12. GARANTÍA DEFINITIVA.

O adxudicatario terá que constituír unha garantía definitiva a favor do IFEVI en forma de aval bancario, de acordo co modelo que se inclúe como **Anexo II**, por importe equivalente ao 5% do prezo final ofertado polo servizo para a redacción do Plan Funcional do recinto feiral e elaboración do Plan Estratéxico da Fundación IFEVI, IVE excluído.

13. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

De acordo co sinalado no artigo 202 LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato as seguintes:

- Obriga do adxudicatario de celebrar cantas reunións presenciais sexan precisas ás que sexa convocado co órgano de contratación e, de ser o caso, cos axentes económicos e sociais que se consideren relevantes polo órgano de contratación ou polas partes para a consecución dos obxectivos propostos.
- Obriga do adxudicatario de aplicar, durante toda a vixencia do contrato, a todos os traballadores adscritos á execución dos traballos, como mínimo, as condicións establecidas nos convenios colectivos en vigor, e aboar puntualmente os salarios debidos a todos os traballadores que participen na execución do contrato.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



- Obriga do adxudicatario de executar o contrato de forma responsable co medio ambiente, por medio da mínima utilización de papel nos traballos derivados deste contrato.
- Obriga do adxudicatario de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, advertíndose que esta obriga ten o carácter de obriga contractual esencial de conformidade co disposto na letra f) do apartado 1 do artigo 211 da LCSP.

O órgano de contratación poderá solicitar en calquera momento da execución do contrato a información que considere necesaria para comprobar o cumprimento das condicións especiais de execución.

O incumprimento das condicións especiais poderá implicar a imposición de penalidades, así como a resolución do contrato nos termos previstos no prego e a cantas consecuencias sexan aplicables conforme a normativa de contratación do sector público.

14. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.

A cesión do contrato e a subcontratación están suxeitos á regulación establecida na LCSP, artigos 214 a 217.

15. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS.

As proposicións presentaranse:

- Lugar de presentación de ofertas: IFEVI, Avenida do Aeroporto 772-Cotogrande CP: 36318 Vigo, Pontevedra. Non se realiza tramitación electrónica.
- Prazo de presentación de ofertas: **quince días naturais** contados desde o día seguinte á publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación.
- A hora de remate de presentación de ofertas será as 14:00 horas do último día de prazo.

O incumprimento do lugar, prazo e hora de presentación será causa de exclusión da oferta.

16. PUBLICIDADE.

Perfil do contratante do IFEVI.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



17. MESA DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de contratación que estará composta polos seguintes membros:

- **Presidente:** O xerente do IFEVI
- **Secretario:** Un membro da Área de Persoal do IFEVI
- **Vogais:**
 - Un representante da Asesoría Xurídica do IFEVI
 - Un membro do departamento económico- financeiro do IFEVI.
 - Un representante do Concello de Vigo.
 - Un Representante da Xunta de Galicia.

18. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

Padroado do IFEVI.

19. RESPONSABLE DO CONTRATO.

Xerencia do IFEVI.

20. CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE:

Administración do IFEVI
Teléfono: 986 486 144
Fax: 986 486 071
E-mail: info@ifevi.com



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



1. ENTIDADE ADXUDICADORA.

Denominación oficial e dirección da entidade adxudicadora: FUNDACIÓN INSTITUTO FERIAL DE VIGO (en diante, IFEVI). Avda. do Aeroporto 772-Cotogrande CP: 36318 Vigo, Pontevedra. Teléfono: 986 486 144. (e-mail: info@ifevi.com. www.ifevi.com.)

Obtención de documentación: perfil do contratante existente na páxina web institucional do IFEVI: www.ifevi.com

2. OBXECTO DO CONTRATO.

Este procedemento de licitación ten por obxecto a contratación do servizo para a elaboración do Plan Estratéxico da Fundación Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) para o período 2026-2035, e a redacción do Plan Funcional do recinto feiral do IFEVI.

O obxectivo principal do servizo obxecto de contratación descríbese no apartado 1 do Cadro-Resumo. Achégaselle a este PCAP, como **Anexo V**, plano do recinto e das instalacións a efectos informativos.

Os servizos serán prestados polo adxudicatario conforme o estipulado neste PCAP que figurará incorporado como Anexo ao contrato que no seu día asinen as partes contratantes.

O adxudicatario estará obrigado a realizar, como mínimo, todos os cometidos que se conteñen tanto no PCAP e no PPTP, como no contrato a formalizar entre as partes, contando para o efecto cos medios persoais, materiais ou organizativos que sexan necesarios para prestar os servizos coa máxima eficacia.

3. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DO CONTRATO.

O orzamento base máximo de licitación, así como o valor estimado do contrato son os que se encontran reflectidos no apartado 6 do Cadro-Resumo do presente prego.

O pagamento polos servizos contratados aboarase do seguinte modo:

- 50% á entrega dos **documentos de avance** de cada un dos Plans Funcional e Estratéxico.
- 50% á data de entrega dos **documentos definitivos** que correspondan aos Plans Estratéxicos e Funcionais.

O pagamento das cantidades indicadas realizarase unha vez determinado polo órgano de contratación que as prestacións realizadas se axustan ás prescricións contratadas,



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



de conformidade co artigo 311 LCSP. En consecuencia, o órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, de ser o caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados con ocasión da súa recepción.

Se os traballos efectuados non se axustan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rexeitala quedando exento da obriga de pagamento e tendo dereito á recuperación do prezo satisfeito.

O prezo do contrato, respecto do servizo obxecto deste contrato, será o ofertado que resulte adxudicatario, sen que poida exceder do orzamento base de licitación do servizo.

No orzamento aprobado polo IFEVI existe crédito suficiente para facer fronte ao compromiso de gasto polo importe máximo de licitación previsto.

Por tanto, o importe do servizo liquidarase e aboarase unha vez emitidos e entregados os documentos definitivos do Plan Funcional e o Plan Estratéxico, unha vez recibido de conformidade o servizo prestado, logo da presentación da factura correspondente por parte da adxudicataria, na que se desagregarán os diferentes conceptos que son obxecto de facturación e os requisitos esixidos na lexislación fiscal. Indicarase o IVE como partida independente.

A factura aboaráselles aos trinta (30) días seguintes da data da factura, logo de conformidade da mesma polo IFEVI.

Xunto coas facturas, o adxudicatario entregalle ao IFEVI certificado de se atopar ao corrente das súas obrigas tributarias, expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria durante os doce (12) meses anteriores ao pagamento da factura, para os efectos do artigo 43.1.f da Lei Xeral Tributaria.

4. REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO.

O prezo do contrato non será obxecto de revisión.

5. DURACIÓN DO CONTRATO.

O prazo de duración do contrato régulase no apartado 5 do Cadro-Resumo.

6. RÉXIME XURÍDICO.

O contrato que derive desta licitación rexerese polo presente Prego xunto cos seus Anexos e, no relativo á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



específicas, polo disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) e a súa normativa de desenvolvemento, no que delas resulte de aplicación ao IFEVI, de conformidade co disposto no artigo 318 b) da LCSP. Así mesmo, en todo o non previsto nestas cláusulas, rexerase polo establecido no contrato e, subsidiariamente, polo sinalado na oferta realizada polo adxudicatario.

En canto aos seus efectos e extinción, o contrato rexerase por normas de dereito privado, a excepción do disposto no artigo 319 da LCSP.

O contrato que se subscriba terá carácter privado, quedando sometido ao establecido neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, do presente Prego, así como das normas de calquera outra índole que poidan ser aplicables á execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento. Todas as facultades que a normativa citada lle atribúe á Administración entenderanse conferidas ao IFEVI.

O adxudicatario obrigarase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes de carácter fiscal, condicións de traballo, seguridade social, seguridade e hixiene no traballo, prevención de riscos laborais, protección ao medio ambiente e calquera outra de carácter xeral ou especial que puidese afectarlle.

7. RECURSOS E XURISDICIÓN COMPETENTE.

Por se tratar dun contrato de servizos de contía inferior a 100.000 euros, este contrato non está suxeito ao réxime do recurso especial en materia de contratación referido nos artigos 44 e seguintes da LCSP.

As controversias que puidesen xurdir entre as partes dirimiranse ante os xulgados e tribunais ordinarios da cidade de Vigo, con renuncia a calquera outro foro que puidese corresponderlles.

A orde xurisdiccional competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación e modificación do contrato de acordo co artigo 27.1 c) LCSP será a xurisdición contencioso-administrativa. Pola súa parte, será competente a orde xurisdiccional civil para coñecer das controversias que poidan xurdir en relación cos efectos e extinción do contrato, de acordo co artigo 27.2 a) LCSP.

8. CAPACIDADE E SOLVENCIA.

Estarán facultadas para contratar co IFEVI as persoas físicas e xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non incorran nalgunhas das prohibicións comprendidas no artigo 71 LCSP.



Código de verificación : PLT8aea1e82324f98



Así mesmo, será requisito para contratar co IFEVI que as persoas físicas e xurídicas teñan unha finalidade ou actividade relacionada directamente co obxecto do contrato e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Ademais do anterior, todos os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica ou profesional, conforme o establecido nos artigos 86, 87 e 90 da LCSP, nos termos que se determinan no apartado 9 do Cadro-Resumo deste Prego.

No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderase ter en conta ás sociedades pertencentes ao grupo, a efectos de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, sempre e cando esta acredite que ten efectivamente á súa disposición os medios de ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

De presentarse á licitación unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a formalización delas en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación ao seu favor, será necesario que os empresarios integrados nela indiquen de maneira específica os seus nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles e que asuman o compromiso de se constituír formalmente en unión temporal, no caso de resultar adxudicatario, de conformidade co **Anexo IV** deste prego.

Así mesmo, deberanse obrigar todos os seus membros solidariamente perante o IFEVI e nomear un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes ante o IFEVI para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que deriven do contrato ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobramentos e pagamentos de contía significativa. A duración das unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Se durante a tramitación do procedemento licitatorio e antes da adxudicación se producise a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederá na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a solvencia nas condicións esixidas nestas bases para poder participar no procedemento de adxudicación.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a adxudicación do contrato teranse en conta os criterios de adxudicación que se indican no apartado 10 do Cadro - Resumo.

10. REQUISITOS E CONTIDO DAS OFERTAS.

10.1 Requisitos das ofertas.

1. A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas do presente Prego así como dos seus anexos, sen excepción ningunha, así como a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co IFEVI. Calquera excepción entenderase en todo caso como non posta. En todo caso, o adxudicatario, no momento de formalizar o correspondente contrato, terá que asinar todas e cada unha das follas que conforman este prego e os seus anexos.
2. As proposicións presentaranse escritas a máquina ou outro tipo de impresión mecánica ou informática, e non se aceptará ningún documento manuscrito nin con omisións, erros ou emendas que non permitan coñecer claramente as condicións para valorar a oferta.
3. A totalidade do custo da elaboración da documentación para a confección das ofertas que se presentan ao procedemento de contratación serán por conta dos licitadores, que non poderán reclamar compensación económica ningunha en caso de non resultar adxudicatarios.
4. Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou riscados que impidan coñecer claramente todo aquilo que o IFEVI estime fundamental para a oferta, ou que incorra nos supostos establecidos no artigo 84 do Regulamento xeral da Lei de contratos (Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro).
5. As proposicións serán secretas e quedarán baixo a custodia do IFEVI a disposición do órgano de contratación.
6. Unha vez presentada a oferta, o licitador non poderá retirala, quedando obrigado a cumprir o contrato, se lle fose adxudicado, que será inalterable a partir do seu perfeccionamento, e deberá cumprirse con estrita suxeición ás cláusulas do presente PCAP que lle serven de base, cuxas condicións xurídicas e económicas só se poderán modificar con base nas causas admitidas neste prego e na lexislación aplicable.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



10.2 Formulación e contido das ofertas.

Para tomar parte no procedemento será preciso que o licitador achegue a documentación que integra a posición, que se dividirá en **tres sobres**:

- a) Documentación Administrativa (SOBRE A).
- b) Documentación relativa a criterios valorativos mediante xuízos de valor (SOBRE B).
- c) Oferta Económica e documentación relativa a criterios avaliábles mediante fórmulas (SOBRE C).

No exterior de cada sobre, que se presentará pechado de forma que garanta o segredo da oferta, figurará o nome ou razón social do licitador e do seu representante, así como a sinatura do licitador ou do seu representante indicando nome e apelidos e DNI, indicando no exterior de cada un dos sobres os seguintes datos identificativos:

- "SOBRE A: Documentación administrativa para tomar parte na licitación convocada polo IFEVI: contratación do servizo para a elaboración do Plan Estratéxico da Fundación Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) para o período 2026-2035, e a redacción do Plan Funcional do recinto feiral do IFEVI."
- "SOBRE B: Documentación relativa a criterios valorativos mediante un xuízo de valor para tomar parte na licitación convocada polo IFEVI: contratación do servizo para a elaboración do Plan Estratéxico da Fundación Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) para o período 2026-2035, e a redacción do Plan Funcional do recinto feiral do IFEVI."
- "SOBRE C: Oferta económica e documentación relativa a criterios avaliábles mediante fórmulas para tomar parte na licitación convocada polo IFEVI: contratación do servizo para a elaboración do Plan Estratéxico da Fundación Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) para o período 2026-2035, e a redacción do Plan Funcional do recinto feiral do IFEVI."

Nos sobres referidos con anterioridade incluírase a documentación que proceda, segundo se indica neste PCAP, e no interior de cada un deles, farase constar en folla independente o seu contido nun índice, e neles incluíranse os seguintes documentos:

a) **SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.**

O Sobre "A" conterá **a declaración responsable que figura como anexo III deste Prego**, referida á acreditación da personalidade, capacidade, solvencia económico-



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



financeira e técnica, de acordo co Documento Europeo Único de contratación (DEUC) establecido polo Regulamento (UE) n.º 2016/7 (DOUE de 6/01/2016).

No suposto de tratarse dunha unión temporal de empresas (UTE), o sobre incluirá o compromiso de formalización de UTE no caso de ser adxudicataria que figura como Anexo IV, que indique os nomes e as circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles, e que asumen o compromiso de se constituír formalmente en unión temporal, quedando obrigados solidariamente, en caso de resultar adxudicatarios. O escrito terá que estar asinado polos representantes das diversas empresas, así como polo apoderado único que estarán obrigadas a nomear as empresas mesmo para o período de licitación.

No caso de que a persoa licitadora recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da LCSP deberá achegar a súa propia Declaración responsable con outra Declaración separada na que figure a información pertinente por cada unha das entidades de que se trate. Os licitadores que desexen concorrer integradas nunha unión temporal, deberán presentar unha declaración separada na que figure a información requirida por cada empresa participante.

O licitador a favor da cal recaia a proposta de adxudicación do contrato deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos que se expoñen na cláusula 14 deste Prego.

En todo caso, para garantir o bo fin do procedemento, poderase requirir aos licitadores en calquera momento anterior á proposta de adxudicación, que acheguen a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos para ser adxudicatario.

O momento para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia será a data de finalización do prazo de presentación das ofertas.

b) SOBRE B: DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CRITERIOS VALORABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR.

O sobre B incluirá as proposicións dos licitadores **co contido relativo aos criterios avaliados mediante xuízo de valor que se identifican no apartado 10 do Cadro-Resumo deste PCAP.**

A documentación das proposicións referidas ao contido do sobre B será presentadas tanto en papel como en soporte dixital PDF en formato editable (DWG para planos e DOCX para memorias). Para a documentación gráfica, débense cumprir as seguintes escalas mínimas para os planos (1:500 ou 1:1000).



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



O medio de almacenamento dos arquivos será CD, DVD ou dispositivos de almacenamento USB. En caso de que a oferta estea contida en máis dun arquivo deberá incluír unha nota explicativa sobre a estrutura das carpetas.

A presentación da oferta implica a aceptación da cesión a favor do IFEVI de todos os dereitos de autor e de propiedade intelectual que, no seu caso, resulten da proposta que resulte seleccionada e o seu desenvolvemento.

No sobre B incluíranse os documentos que forman parte da proposta técnica do licitador. Neste sobre os licitadores incluírán a documentación que deba ser valorada conforme os criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor, que figuran no número 10 do Cadro Resumo.

Non se poderán incluír neste sobre ben os documentos propios do sobre C, nin os datos relativos ao Sobre C correspondentes aos criterios automáticos avaliábles mediante fórmulas.

No Sobre B non debe figurar documentación ou información ningunha que indique ou da que se deduza o contido da oferta económica nin dos criterios de valoración automática do Sobre C. O seu incumprimento poderá ser motivo de exclusión desta licitación.

c) SOBRE C: OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CRITERIOS AUTOMÁTICOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS.

No sobre "C" os licitadores incluírán a **proposición económica** que deberá ser formulada de acordo co **modelo que conforma o Anexo I**, asinado pola empresa ofertante, na cal se detallará o prezo do servizo de redacción dos Plans obxecto deste contrato.

Incluírase neste sobre, así mesmo, a demais documentación relativa ao resto de criterios avaliábles de forma automática mediante fórmulas, en concreto, a documentación acreditativa da (i) Mellora cualitativa no prazo de entrega dos Plans Estratéxico e Funcional, e (ii) Mellora do Equipo de Traballo respecto do equipo mínimo esixido como requisito de solvencia.

11. PAZO E LUGAR DE ENTREGA DE PROPOSICIÓNS.

1. Os sobres antes sinalados deberán ser entregados no Rexistro Xeral do IFEVI, no domicilio que se indica na cláusula 1. Se o último día do prazo fose sábado, domingo ou inhábil, o prazo concluirá o seguinte día hábil.
2. A oficina receptora dará recibo de cada proposición entregada en man, facendo constar: nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato, número e



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



identificación dos sobres que se presentan, día e hora da presentación, e calquera outra incidencia que, no seu caso, se produza.

3. Cando a documentación se envíe por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. O envío do anuncio por correo só será válido se existe constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións e se identifica de forma fidedigna ao remitente e o destinatario. Neste suposto procederase á obtención de copia impresa e ao seu rexistro, que se incorporará ao expediente.

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, dez días naturais seguintes á indicada data sen se ter recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

12. REGLAS DE PROCEDIMIENTO.

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación, o responsable do Rexistro expedirá unha certificación na que se relacionen as solicitudes recibidas ou, se é o caso, sobre a ausencia de licitadores, que, xunto coa documentación presentada, lle remitirá á Mesa de contratación que se constituirá de acordo co disposto no artigo 326 LCSP.
2. A continuación, a Mesa de contratación procederá á comprobación da documentación administrativa incluída no Sobre A, referida á declaración responsable sobre a personalidade e a solvencia esixida aos solicitantes. En caso de detectar algún erro emendable na documentación achegada, a Mesa de contratación poderá conceder un prazo de tres días hábiles para a súa emenda, con apercibimento de exclusión do licitador en caso de non se realizar en tempo e forma a emenda.
3. A Mesa de contratación poderá demandar destes as aclaracións que considere oportunas sobre os documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cuberto no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de licitadores admitidos.
4. A continuación, a Mesa de contratación pronunciarase, se é o caso, sobre a admisión ou non ao procedemento de adxudicación das proposicións correspondentes á documentación cuxa cualificación dese lugar á observación de defectos emendables, e seguidamente, en acto público, procederase á apertura dos



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



sobres B ("Documentación relativa a criterios valorativos mediante xuízos de valor") que conteñan as proposicións dos licitadores admitidos.

5. Rematado o dito acto, a Mesa de contratación, trala valoración da documentación contida nos sobres B ("Documentación relativa a criterios valorativos mediante xuízos de valor") e, se é o caso, logo de emisión dos informes que considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato, convocará todos os licitadores admitidos ao procedemento a un acto público que terá lugar nas instalacións do IFEVI. En dito acto, procederase á apertura dos sobres C ("Oferta Económica e documentación relativa a criterios avaliáveis mediante fórmulas") de cada un dos licitadores admitidos.
6. Posteriormente, a Mesa de contratación, logo dos informes que considere oportunos, formulará a súa proposta de adxudicación ao empresario que, no seu conxunto, realizase a proposición máis vantaxosa para os intereses do IFEVI, para o cal terá en conta os criterios de valoración que se establecen no Cadro-Resumo e segundo a ponderación que se lles atribúe.
7. A Mesa de contratación elevará ao órgano de contratación as proposicións, xunto coas actas das distintas reunións celebradas pola Mesa e a súa proposta de adxudicación, na cal se incluírá, en todo caso, a ponderación dos criterios de valoración e adxudicación que figuran neste Prego de Condicións.
8. A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do empresario proposto fronte ao IFEVI, mentres non se adxudicase o contrato por acordo do órgano de contratación.
9. Cando o órgano de contratación se aparte da proposta elevada pola Mesa de contratación, deberá motivar a súa decisión.
10. Unha vez adxudicado o contrato será notificado expresamente ós participantes da licitación, e publicarase no perfil do contratante.

13. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

A adxudicación do contrato realizarase polo Padroado do IFEVI.

14. ADXUDICACIÓN.

1. O órgano de contratación, unha vez recibida a proposta de adxudicación emitida pola Mesa de contratación, procederá á cualificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



2. O órgano de contratación requiriría o licitador que presentase a oferta que reúna as condicións máis vantaxosas para o IFEVI para que, de acordo co disposto no artigo 150 LCSP, dentro do prazo de **dez días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, **presente a documentación xustificativa** dos requisitos de personalidade, capacidade, solvencia económico financeira e técnica do licitador, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeron a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme os disposto no artigo 76.2 LCSP; e de ter constituída a garantía definitiva na forma e polo importe que se establece na cláusula 15 do presente Prego; así como a acreditación de ter contratado o seguro de responsabilidade civil.

Para tal efecto, o licitador que presentara a mellor oferta, así como todas as empresas integrantes da UTE que fose proposta como adxudicataria, deberán presentar a seguinte documentación acreditativa das circunstancias referidas na declaración responsable. En concreto, é a seguinte:

2.1 Documentación acreditativa da personalidade xurídica e capacidade de obrar do licitador:

- i. Se se trata de empresario individual, o NIF ou documento que o substitúa, en copia que teña o carácter de auténtica conforme a lexislación vixente ou fotocopia compulsada (neste último caso, lexitimada ante Notario ou funcionario habilitado para ilo).
- ii. Se se trata dunha persoa xurídica, escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial, así como o Número de Identificación Fiscal (NIF), todo iso en orixinal ou copia que teña o carácter de auténtica conforme a lexislación vixente, ou fotocopia compulsada (ante Notario, funcionario habilitado para iso). Estes documentos recollerán o exacto réxime xurídico do licitador no momento da presentación da proposición. En todo caso será de aplicación o disposto nos artigos 66 e 67 da LCSP.
- iii. Declaración responsable de que o empresario, se se trata dunha persoa física, ou a empresa, os seus administradores e representantes, se se trata de persoa xurídica, así como o asinante da proposición non incorren en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar co IFEVI, nin en ningunha das prohibicións de contratar sinaladas no



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



artigo 71 da LCSP así como que a finalidade ou actividade do licitador ten relación directa co obxecto do contrato.

- iv. As persoas físicas ou xurídicas non españolas de Estados pertencentes á Unión Europea e ás estranxeiras de Estados non pertencentes á Unión Europea, deberán efectuar as declaracións oportunas, e presentar a documentación que consta no **Anexo III** do presente Prego. Tales licitadores deberán presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ao castelán.
- v. Ademais, as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán achegar o informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española a que se refire o artigo 84 da LCSP e ateranse ao disposto no artigo 140.1.f) da LCSP, efectuando a oportuna declaración ao respecto. Todos os licitadores deberán presentar a súa documentación traducida de forma oficial ao castelán, de conformidade co disposto no artigo 23 do RGLCAP.

2.2 Representación e apoderamentos.

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen unha persoa xurídica acompañarán tamén poder acreditativo da súa representación en orixinal ou copia compulsada ante Notario.

Se o documento acreditativo da representación contivese delegación permanente de facultades ou constituíse un poder xeral, deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.

2.3 Documentación acreditativa da solvencia do empresario.

Deberá presentarse a documentación que se recolle no apartado 9 do Cadro-Resumo deste prego.

2.4 Documentación acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

- Certificación expedida pola Axencia Tributaria, que acredite que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación expedida pola Consellería de Economía e Facenda, ou polas delegacións provinciais dela, na que se faga constar que non ten débedas pendentes de natureza tributaria en perigo executivo, coa Comunidade Autónoma de Galicia.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



- Certificado de alta no Imposto de Actividades Económicas (I.A.E) e recibos ou fotocopias dos mesmos, debidamente compulsadas ou autenticadas, que acrediten que a empresa concursante se encontra ao corrente do pagamento.
- Certificación expedida pola Seguridade Social, que acredite que se encontra ao corrente no pagamento das cotas da Seguridade Social.

2.5 Outra documentación.

- Póliza do seguro de responsabilidade civil, cuxa contía non será inferior a 300.000 euros, e recibo ou documento acreditativo de estar ao corrente da mesma.
- Garantía definitiva na forma e polo importe que se establece na cláusula 15 deste Prego.
- Documentación acreditativa de que dispón efectivamente dos medios que se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme os disposto no artigo 76.2 LCSP

De non cumprimentar de forma adecuada o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose no seu caso a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedasen clasificadas as ofertas.

3. Unha vez presentada a documentación correctamente, o órgano de contratación procederá a adxudicar o contrato.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios e condicións que figuran neste Prego de Condicións.

4. O órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP. Cando o único criterio que hai que considerar sexa o prezo, entenderase que a mellor oferta é a que incorpora o prezo máis baixo, sen prexuízo da aplicación de criterios para a determinación de ofertas anormalmente baixas. A adxudicación utilizando unha pluralidade de criterios farase de forma motivada con base na mellor relación calidade-prezo. A adxudicación notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante do IFEVI no prazo de 15 días de acordo co artigo 151 LCSP.
5. A documentación presentada polos licitadores que non resultasen adxudicatarios, coa excepción da proposición económica, poderá ser retirada polos licitadores



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



unha vez transcorridos tres (3) meses contados desde o día seguinte á notificación da adxudicación aos licitadores, e durante o prazo de trinta (30) días naturais, salvo que o IFEVI considere oportuno retela no suposto de que se interpuxese algunha reclamación ou recurso, ou exista algunha incidencia que o xustifique. Transcorrido o prazo sinalado para retirar a documentación, o IFEVI disporá da documentación non retirada polos licitadores, quedando exento de toda responsabilidade sobre ela.

15. GARANTÍA.

15.1 Importe da garantía definitiva.

O adxudicatario terá que constituír unha garantía definitiva de conformidade cos artigos 107 e 108 da LCSP, por importe equivalente ao 5% do prezo final ofertado polo servizo obxecto de contratación, IVE excluído, preferentemente mediante aval bancario de acordo co modelo que se inclúe como **Anexo II**, debendo acreditar a súa constitución ente o órgano de contratación dentro do trámite e prazo previstos na cláusula 14 do presente Prego.

15.2 Alcance da garantía definitiva.

A garantía definitiva responderá, polo menos, dos seguintes conceptos:

- Das obrigas derivadas do contrato, así como dos danos e prexuízos ocasionados ao IFEVI con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo, sen resolución contractual.
- Da incautación que se poida acordar nos casos de resolución do contrato.
- Das reclamacións de terceiros que se puidesen derivar como consecuencia da prestación dos servizos obxecto do contrato imputables ao adxudicatario.

15.3 Devolución da garantía definitiva: Prazo de garantía.

Unha vez rematado o contrato e transcorrido o prazo de garantía, que se estipula nun (1) mes desde terminación do prazo de vixencia do contrato, incluída a posible prórroga no seu caso, procederase á liquidación de contrato e, en caso de non haber responsabilidades que se tivesen que exercer sobre a garantía definitiva constituída, procederase á devolución ou cancelación da mesma. Igualmente procederase á devolución ou cancelación nas condicións citadas en caso de resolución contractual sen culpa do contratista.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



16. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato perfeccionarase mediante a súa formalización.

O adxudicatario queda obrigado a subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP. Conforme o disposto no artigo 153.3 da LCSP, o contrato formalizarase non máis tarde dos quince (15) días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, na forma prevista no artigo 151 da LCSP, e se publique no perfil do contratante.

O contrato formalizarase en documento privado, sen prexuízo de que se poida elevar a escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo en tal caso á súa conta os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra b) do número 2 do artigo 71 relativo ás prohibicións de contratar.

Neste caso, o contrato adxudicarase ao seguinte licitador pola orde na que quedasen clasificadas as ofertas, logo de presentación da documentación establecida no apartado 2 do artigo 150 da LCSP.

En supostos de unión temporal de empresas deberase achegar a escritura pública de constitución da unión antes da formalización do contrato.

Non se poderá iniciar a execución previa do contrato sen a súa previa formalización, agás nos casos previstos no artigo 120 da LCSP.

17. GASTOS.

Serán por conta do adxudicatario os gastos e tributos da formalización do contrato, así como calquera imposto, taxas ou arbitrios de índole estatal, autonómica ou municipal, que puidesen gravar o contrato, e demais gastos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes.

18. OBRIGAS DO CONTRATISTA.

As obrigas do adxudicatario serán as seguintes:

- Cumprir co prazo de execución do contrato.



Código de verificación : PL.T8aea1e82324fdf98



- Levar a cabo os servizos na forma, tempo e condicións establecidas no prego de condicións, dispoñendo ao efecto dos medios humanos e materiais adecuados, sendo ao seu cargo a totalidade dos gastos que xere todo isto.
- Establecer a organización necesaria para a mellor prestación dos servizos contratados, de acordo coa oferta presentada, designando entre os seus empregados un Coordinador do Servizo a través do cal o IFEVI, por medio do Responsable do Contrato, formalizará as comunicacións e advertencias que procedan en relación coa execución do contrato.
- En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral entre o IFEVI e o contratista, nin do persoal que este último adscriba á prestación do servizo.
- O contratista adxudicatario estará obrigado a asignar para a execución dos traballos, os profesionais o nome que figure na súa oferta e coa dedicación definida nela, sendo, en todo caso, persoal coa capacidade técnica precisa para cubrir as obrigas que deriven do contrato. O contratista, en consecuencia, non poderá substituír o persoal adscrito ao contrato durante a vixencia do contrato, sen contar coa previa autorización do IFEVI. E iso sen prexuízo do consentimento previo do IFEVI para substituír os considerados como persoal mínimo de acordo co establecido no presente prego.
- Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto destes, sendo o IFEVI completamente alleo ás referidas relacións. Por conseguinte, a empresa contratista está obrigada a exercer de modo real e efectivo o poder de dirección inherente a todo empresario en relación cos seus traballadores, asumindo o cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións en materia laboral, seguridade social e prevención de riscos laborais vixente en cada momento, respecto do persoal destinado aos servizos obxecto de contrato.
- É responsabilidade do adxudicatario e dos seus encargados impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, de acordo coa metodoloxía e programa de traballo que compoñen a súa oferta presentada, sendo o IFEVI completamente alleo a estas relacións laborais.
- En ningún caso se poderá alegar dereito ningún polo referido persoal en relación co IFEVI nin esixirse a este responsabilidade de calquera clase en ningunha circunstancia como consecuencia das obrigas entre o adxudicatario e os seus empregados.
- O adxudicatario comprométese a retribuír adecuadamente ao persoal destinado á realización do servizo obxecto do contrato, asumindo de forma directa e sen



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98

Este documento é Copia Auténtica segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de Outubro. A veracidade deste documento pode comprobarse no seguinte enderezo: <https://www.consellerafacenda.es/csv?csv=PLT8aea1e82324fdf98>



trasladar ao IFEVI o custo de calquera mellora das condicións de traballo e/ou retribucións, sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de modo que as referidas modificacións non poderán repercutir, en ningún caso, no importe que facturará a realización do servizo obxecto do contrato.

- Á formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar copia compulsada dos contratos laborais e parte de alta na Seguridade Social de cada traballador e, mensualmente, xustificación documental do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social. A non presentación destes comprobantes poderá dar lugar á resolución deste contrato por parte do IFEVI.
- En caso de forza maior ou folga legal, o adxudicatario quedará exento de responsabilidade algunha fronte ao IFEVI pola non prestación do servizo, sempre e cando aquela non fose causada como consecuencia do incumprimento por parte del dalgunha das súas obrigas laborais. En tales supostos, o IFEVI non aboará os servizos non prestados, reservándose o dereito a lle dar cobertura a ditos servizos ou parte deles con outros medios, procedendo neste caso a deducir o seu importe das cantidades que deba satisfacer ao adxudicatario.
- O adxudicatario achegará a información que especificamente lle solicite o IFEVI sobre as actuacións desenvolvidas e tempos investidos, así como calquera outra circunstancia relativa á prestación dos servizos obxecto de contratación.
- Facilitarase ao IFEVI, cando así proceda, o recibo acreditativo de ter satisfeito a prima da póliza de Responsabilidade Civil, que deberá estar sempre vixente.
- Á formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar copia compulsada dos contratos laborais e parte de alta na Seguridade Social de cada traballador e, mensualmente, xustificación documental do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social. A non presentación destes xustificantes poderá dar lugar á denuncia deste servizo por parte do IFEVI.
- A empresa adxudicataria deberá cumprir e velar polo cumprimento, por parte do seu persoal adscrito ao servizo, do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa relativa á protección de datos de carácter persoal.
- No seu caso, o adxudicatario deberá acreditar, no prazo máximo dun mes desde a sinatura do contrato, que informou ao seu persoal dos compromisos de carácter social que comprometeu ou referiu na súa oferta. En caso de incumprimento na acreditación dos compromisos sociais asumidos, poderanse impoñer penalidades, de acordo co disposto na cláusula 20 deste prego.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



As obrigas indicadas nesta cláusula terán a consideración de condicións especiais en relación coa execución do contrato. O incumprimento destas obrigas facultará ao IFEVI para a resolución do contrato, por incumprimento culpable do contratista cos efectos previstos no artigo 213.3 da LCSP.

19. DEREITOS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

Son dereitos do órgano de contratación os seguintes:

- Interpretar o contrato.
- Resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- Modificar o contrato por razóns de interese público, conforme ao disposto na cláusula 22 do PCAP, cando se xustifique a concorrencia das circunstancias legalmente esixibles.
- Declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato.
- Suspende a execución do contrato.
- Acordar a resolución do contrato e determinar os seus efectos.

20. PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO OU POR EXECUCIÓN DEFECTUOSA.

O órgano de contratación poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades previstas neste punto para o caso de incumprimento ou cumprimento defectuoso da prestación que afecten as obrigas esixidas, e ás características da prestación que se tivesen en conta para definir os criterios de adxudicación. Iso en función da índole e alcance do incumprimento que se producise. Son motivos de imposición de penalidades:

- Non atender aos requirimentos do responsable do contrato, conforme ao establecido no presente prego de prescricións técnicas e/ou no acordo alcanzado para cada un dos traballos a realizar.
- Non dispoñer puntualmente dos equipos humanos e técnicos necesarios para a execución de traballos segundo o previsto no Prego de cláusulas administrativas e no de prescricións técnicas.
- Incumprir a lexislación vixente, en especial a específica en materia financeira, tributaria e mercantil.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



- Non entregar as propostas ao responsable do contrato no prazo máximo fixado no prego, a mellora no prazo de entrega que se puidese ofertar ou, no seu caso, segundo o acordado.
- Incumprir o programa de traballo ou o prazo de entrega dos documentos definitivos do Plan Funcional e/ou Plan Estratéxico.
- Incumprimento de medidas establecidas para garantir a execución do contrato acorde a obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral.
- O incumprimento dos compromisos incluídos na oferta do adxudicatario en relación cos criterios de adxudicación do contrato.
- O incumprimento das condicións especiais de execución do contrato.

As penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total delas superar o 50 por cento do prezo do contrato.

Con carácter xeral, as penalidades diarias máximas serán 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, desde a data en que se produce o incumprimento ou cumprimento defectuoso ou desde que se esixise o cumprimento e ata a data en que se corrixa a execución defectuosa do contrato.

Cada vez que estas penalidades alcancen un múltiplo do 2 por cento do prezo do contrato, ou cando o contratista, por causas imputables a el, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución coa imposición de novas penalidades.

As penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que se constituíse, cando non se poidan deducir do prezo, sen prexuízo da aplicación doutros mecanismos de reclamación cando os anteriores non resulten adecuados.

21. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Non se prevé nesta contratación ningunha modificación convencional do contrato.

Unicamente se prevé a modificación do contrato administrativo por razóns de interese público, na forma e de acordo cos supostos previstos no artigo 205 da LCSP, de acordo co procedemento regulado no artigo 207 da devandita lei.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



Non se considerarán modificacións do contrato os traballos adicionais que indique o órgano de contratación ou o responsable do contrato, como consecuencia de erros ou omisións na prestación do servizo realizado por parte do adxudicatario.

22. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.

Haberá que aterse ao disposto no apartado 14 do Cadro-Resumo do presente prego.

23. EXTINCIÓN DE CONTRATO.

O contrato extinguirase pola súa conclusión ou cumprimento, pola súa resolución ou polas causas previstas nos artigos 211 e 313 LCSP.

O contrato entenderase cumprido polo adxudicatario cando este realizase, de acordo cos termos deste e a satisfacción do IFEVI, a totalidade do seu obxecto no prazo convindo, sen prexuízo do indicado no apartado 20 para o suposto de incumprimento. A súa constatación esixirá por parte do IFEVI un acto formal e positivo de conformidade, dentro do mes seguinte á realización da prestación do obxecto do contrato.

O prazo de garantía empezará a contar desde a data de finalización do contrato.

Unha vez rematado o prazo de garantía, e sempre e cando non se observe ningunha responsabilidade atribuíble ao contratista, procederase á recepción definitiva do contrato e á devolución ou cancelación da garantía definitiva.

24. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

O IFEVI poderá acordar a resolución do contrato, ademais das causas legalmente establecidas, por algunha das causas seguintes:

- O incumprimento polo contratista das obrigas contidas no presente Prego, así como, no seu caso, dos compromisos adquiridos en virtude da súa oferta.
- A falsidade comprobada polo IFEVI nos datos facilitados que influísen na adxudicación do contrato.

Cando concorran estas causas de resolución, seralle incautada ao adxudicatario a garantía constituída e deberá, ademais, indemnizar ao IFEVI polos danos e prexuízos ocasionados no que excedan o importe da garantía incautada.



Código de verificación : PLTBaeae1e82324fdf98



25. DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A empresa adxudicataria deberá cumprir, no desenvolvemento das súas funcións, coa normativa vixente, nacional e comunitaria, relativa á protección de datos de carácter persoal, respectando o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto dos datos e informacións facilitados polo IFEVI e que sexan concernentes á prestación do servizo obxecto de contratación, deber que subsistirá aínda logo da finalización deste. Por ilo, o adxudicatario deberá informar ao seu persoal dos deberes que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incurrir.

En particular, será considerado como información confidencial todas as informacións, documentos e asuntos aos que teña acceso ou coñecemento durante o desenvolvemento dos servizos contratados, debendo o adxudicatario e o persoal encargado da realización dos traballos manter dita información en reserva e segredo e non revelala de ningunha forma, en todo ou en parte, a ningunha persoa física ou xurídica que non sexa parte do contrato.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa que resulte de aplicación (en particular, do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE), de conformidade co establecido na disposición adicional vixésimo quinta da LCSP.

Se o licitante resultase ser persoa física, a mera participación no presente procedemento supón o seu consentimento expreso para o tratamento dos datos facilitados, coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento de contratación, e a súa autorización para a comunicación dos ditos datos a entidades financeiras, Facenda Pública, Diarios Oficiais e outras administracións públicas competentes na materia.

Cando finalice a prestación contractual os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á entidade contratante responsable, ou ao encargado de tratamento que esta designase.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98

Este documento é Copia Auténtica segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de Outubro. A veracidade deste documento pode comprobarse no seguinte enderezo: <https://www.consellerafacenda.es/csv?csv=PLT8aea1e82324fd98>



En todo caso, será responsable fronte ao IFEVI e fronte a terceiros dos danos e perdas que se puidesen derivar para uns ou outros do incumprimento das obrigas anteriores e resarcirá á empresa das indemnizacións, sancións ou reclamacións que esta se vexa obrigada a satisfacer como consecuencia do dito incumprimento.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98



ANEXO I MODELO DE PROPOSTA ECONÓMICA

D/D^a _____, con enderezo en _____, con D.N.I. nº _____, actuando en nome e representación de _____, con enderezo social en _____, e C.I.F. _____, conforme se acredita con _____ (ou actuando en nome propio).

Solicita tomar parte no procedemento de contratación, que vai tramitar o procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada e con tramitación ordinaria, convocado pola Fundación Instituto Feiral de Vigo - IFEVI para a selección do contratista que prestará o servizo para a elaboración do Plan Estratéxico do IFEVI para o período 2026-2035, e a redacción do Plan Funcional do recinto feiral do IFEVI, comprometéndose á súa execución, cumprindo todos os requisitos e condicións establecidos no PCAP e PPTP que rexen o procedemento de contratación, realizando a seguinte **OFERTA ECONÓMICA**:

- **Prezo para a prestación do servizo de elaboración do Plan Estratéxico da Fundación Instituto Feiral de Vigo - IFEVI para o período 2026-2035, e a redacción do Plan Funcional do recinto feiral do IFEVI:**

- Prezo sen IVE: _____
- IVE (21 %): _____
- Prezo con IVE: _____

En ____, a __ de ____ de 2026.

Asinado: _____.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



ANEXO II

MODELO DE AVAL

A entidade _____ (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), con C.I.F. _____, con enderezo para efectos de notificacións e requirimentos en _____, código postal _____, localidade _____, e no seu nome _____ (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto,

AVALA

A _____ (nome e apelidos ou razón social do avalado), con NIF/CIF _____ ante a Fundación Instituto Feiral de Vigo - IFEVI, ata a cantidade máxima de _____ (en letra e en cifra) euros en concepto de GARANTÍA DEFINITIVA para responder da execución do contrato do servizo para a elaboración do Plan Estratéxico da Fundación Instituto Feiral de Vigo - IFEVI para o período 2026-2035, e a redacción do Plan Funcional do recinto feiral do IFEVI.

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas - RGLCAP. Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pagamento ao primeiro requirimento do IFEVI, con suxeición aos termos previstos na normativa de contratos do sector público e nas súas normas de desenvolvemento.

Este aval estará en vigor ata que o IFEVI ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para ilo, autorice a súa cancelación ou devolución.

(Lugar e data)

(Razón social da entidade)

(Sinatura dos apoderados)



Código de verificación : PLTBaea1e82324fdf98



- Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para este fin que, no seu caso, esixan este prego ou o prego de prescricións técnicas, e a oferta presentada.
- Que no suposto de ser proposta como adxudicataria do contrato acreditarei, previo requirimento do órgano de contratación, a posesión e validez dos documentos esixidos segundo os artigos 140 e 150 da LCSP e no presente prego.
- Que dispoño dos medios persoais mínimos previstos no punto 9.2.b) do Cadro-Resumo.
- Que, de acordo co establecido no artigo 141 LCSP, presentarei ante o órgano de contratación, cando así me sexa requirido en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para adquirir a condición de adxudicatario do contrato.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, incorren nalgún dos supostos de prohibición de contratar aos que se refire o artigo 71 LCSP.
- Que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na electoral xeral, nos termos establecidos na mesma Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.
- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas a que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto a estes últimos, as ditas persoas teñan a súa representación legal).
- Que me encontro - ou a entidade á que represento se encontra- ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios, Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade á que represento está dada de alta na matrícula correspondente do Imposto de Actividades Económicas, segundo o disposto no artigo 15 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGLCAP), e que (márquese o que corresponda):
 - Está ao corrente de pagamentos.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



- Está exenta de conformidade co artigo 82.1 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- No seu caso, que a persoa que declara -ou a entidade á que represento- está inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación:
 - Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.
 - Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº de inscrición _____).
- Que, en relación co establecido no artigo 86 do RGLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (márquese o que proceda):
 - Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
 - Pertence ao grupo de empresas _____ ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio.

A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte (*se a relación de empresas é moi extensa acompañarase en documento anexo*):

 - a) _____
 - b) _____
 - c) _____- (*A cubrir só en procedementos negociados*) No caso de tratarse dun procedemento negociado por razón da súa contía, que non exista vinculación ou actuación baixo unidade de decisión ou dirección única con ningunha outra empresa licitadora.
- Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do RGLCAP e 149 da LCSP, a entidade á que represento se compromete a presentar, ou no seu caso, facilitar canta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.
- No caso de unións temporais de empresarios indico, ademais, a efectos de notificación, nome e apelidos do representante, dirección, teléfono e fax de contacto.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



2. CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no seguinte correo electrónico: _____

3. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

No seu caso, de acordo co disposto no artigo 133.1 LCSP declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

4. SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL *(só para empresarios estranxeiros)*

Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xerarse do contrato con renuncia, ou no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder.

En _____, a __ de _____ de 2026.

Asinado: _____



Código de verificación : PLT8aea1e82324fd98



ANEXO IV

COMPROMISO DE FORMALIZACIÓN DE UTE

- D/D^a _____, con enderezo en _____, con D.N.I. nº _____, actuando en nome e representación _____, con enderezo social en _____, e C.I.F. _____, conforme se acredita con _____ (ou actuando en nome propio).
- D/D^a _____, con enderezo en _____, con D.N.I. nº _____, actuando en nome e representación _____, con enderezo social en _____, e C.I.F. _____, conforme se acredita con _____ (ou actuando en nome propio).
- D/D^a _____, con enderezo en _____, con D.N.I. nº _____, actuando en nome e representación _____, con enderezo social en _____, e C.I.F. _____, conforme se acredita con _____ (ou actuando en nome propio).

DECLARAN O SEGUINTE:

- I. Que manifestan a súa vontade de constituír unha unión temporal de empresas (UTE) de acordo coa Lei 18/1982, do 26 de maio, comprometéndose, en caso de resultar adjudicatarios do contrato obxecto de licitación, a formalizar a constitución da dita UTE por medio escritura pública, estando obrigados solidariamente.
- II. Que a participación que cada empresa teña na unión temporal de empresas será a que se detalla a seguir (expresada en porcentaxe):
 - _____ participará nun ____ %.
 - _____ participará nun ____ %.
 - _____ participará nun ____ %.
- III. Que aos efectos mencionados, os intervinientes designan como representante único da dita unión (xerente) a D/D^a _____, con D.N.I. nº _____.
- IV. Que de igual modo, designan como domicilio único a efectos de notificacións o seguinte enderezo _____.

En _____, a __ de _____ de 2026.

Asinado: _____.



Código de verificación : PLT8aea1e82324fdf98

Este documento é Copia Auténtica segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de Outubro. A veracidade deste documento pode comprobarse no seguinte enderezo: <https://www.consellerafacenda.es/csv?csv=PLT8aea1e82324fdf98>



ANEXO V

PLANO DO RECINTO E DAS INSTALACIÓNS